



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

31 de xullo de 2008

Nº 17/08

METEOROLOXÍA

Tal e como se apuntara na semana pasada, durante o período producíronse algunhas precipitacións. As temperaturas tamén baixaron significativamente a valores moderados, en torno os 18-24°C. Prevese un mantemento das condicións actuais, mellorando o tempo cara o final da semana, baixo a influencia dun débil anticiclón, deixando un tempo con intervalos nubosos no norte e ceos máis despexados no sur. Cara o luns, día 4, unha fronte achegarase polo Atlántico aumentando as probabilidades de chuvias. As temperaturas estarán en ascenso recuperándose as normais para a época do ano.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

L (peche dos acios).

Nas comarcas en que se produciron precipitacións, aínda sendo febles, mellorou o aspecto vexetativo nos viñedos con síntomas de seca (sobre todo nas cepas xoves).

Coidados culturais

Continuación das técnicas de **poda en verde**, desfollado, desnetado, e despuntes de gomariza naqueles viñedos nos que todavía non se realizara.



Incidencias fitopatolóxicas destacables


Mildeu (*Plasmopara vitícola*). Apenas se observan síntomas de novos ciclos do fungo nos acios, non obstante nas follas xoves (puntas da gomariza e netos) hai novas esporulacións. As últimas chuvias acontecidas prevén que aumente a sintomatoloxía en viñedos sen protección, tanto en folla como en acio.

Oídio (*Uncinola necator*). A diminución das temperaturas dos últimos días non propiciou a aparición de novos danos, polo que os existentes pertencen a períodos anteriores. En canto melloren as temperaturas e se manteña a humidade ambiental, poderanse reactivar os danos en acio, pois ata o envero (abrandamento das uvas e cambio de cor a amarelo as brancas e aviñado as tintas) as uvas seguen sendo sensibles o fungo.

Botrite ou podremia gris (*Botrytis cinerea*).

Non hai síntomas da enfermidade, pero nas variedades sensibles (Treixadura, Godello, Caíño tinto,...) e nas zonas donde se deron nesta última semana precipitacións superiores aos 15 mm de auga, poderá reactivarse. No actual estado fenolóxico de peche de acios, aínda non sendo especialmente sensible a podremia gris, estamos no momento recomendado para aplicar tratamentos oportunos no control da enfermidade nesas variedades sensibles e con esas condicións.

Na páxina seguinte pódese ver o microscopio como se asemellan os conidióforos e os acios de conidios da podremia gris coas uvas.



Conidióforos e acios de conidios da podrencia gris

Mosquito verde (*Empoasca sp.*). Debido aos últimos tratamentos realizados no control da Polilla, diminuíron bruscamente as poboacións na meirande parte dos viñedos.

Acariose (*Calepitrimerus vitis*). As últimas precipitacións e o grao de humidade ambiental frearon a sintomatoloxía crecente das últimas semanas. Deberase continuar coa vixianza e valoracións das poboacións nos viñedos posto que normalmente as poboacións seguirán medrando, cun umbral de tratamento do 15-30% das follas ocupadas polo ácaro (observándose a altura de 1/3 das puntas dos gomos).

Araña vermella (*Tetranychus urticae Koch e Panonychus ulmi*). Comezan a observarse as primeiras poboacións do ácaro tetraníquido, sendo este incluso visible a simple vista no envés das follas. Polo de agora non chega aos umbrais de tratamento do 30% de follas ocupadas. A presenza de ácaros fitoseidos beneficiosos é menor.

Enfermidades da madeira (*Armillaria e Complexo Iesca-Petri*). Como se ven apuntando nos últimos boletíns, seguen a manifestarse novos síntomas de enfermidades da madeira.

Durante a última semana foron ostensibles novos casos de cepas afectadas de Armillaria, morrendo estas irremediabilmente. Non confundir a Armillaria coa seca das cepas. No caso das cepas afectadas por Armillaria á altura do cano, se levamos a corteza exterior, vemos micelio blanqueciño do fungo.

Recomendacións da semán

Debido ás últimas precipitacións déronse novas condicións de infección de Mildeu, polo que deberíase ter aplicado un tratamento fitosanitario antes da chuva(o ideal sempre é o día anterior respecto das condicións de infección previstas). Nestas condicións e atendendo ao estado fenolóxico do cultivo actual, os preparados deberán ser preferiblemente a base de cobre ou cobre-orgánico (en variedades sensibles a botrite recoméndase Co+Folpet buscando o dobre efecto mildeu-botrite), e só penetrante-cobre neste fin de semana naqueles casos en que non se poido tratar o viñado preventivamente antes das condicións de infección sinaladas anteriormente.

Xunto co anterior tratamento, deberase mesturar xofre no caldo fitosanitario, co fin de previr o Oídio e frear a presenza de Acariose. Nos viñedos con importante sintomatoloxía desta praga e superados os umbrais de tratamento apuntados, pódese aplicar dicofol, repetindo o tratamento a semana seguinte da primeira aplicación co fin de cortar o ciclo do eriódido, xa que o dicofol so é larvicida-adulticida. Recórdase que o control dos ácaros deberase realizar aplicando os acaridas sen mesturar con outros fitosanitarios e dirixindo o tratamento a toda a vexetación.

Nos viñedos plantados con variedades sensibles a Botrite (mencionadas anteriormente) deberase aplicar un tratamento preventivo para o control da enfermidade. Os preparados autorizados e recomendados son. Metil-tiofanato, Ciprodinil+fludioxinil, Fenhexamida, Folpet (só ata o envero), Iprodiona, Boscalida, Mepanipyrim, Pirimetanil. Os tratamentos antibotrite dirixense exclusivamente os acios, de selo caso.



DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

Estado fenolóxico medio

L (peche de acio).



Presenza de Oídio en acios. Viñado en Monterrei .

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Siguen aparecendo síntomas de oídio en acios e en sarmentos, polo que é importante manter protexido o cultivo fronte a esta enfermidade. Non apareceron novas manchas de mildeu. Ausencia de síntomas de ataques provocados por pragas.

Recomendacións da semana:

É importante manter protexido o cultivo fronte a oídio, xa que estamos nunha fase na que o cultivo é moi sensible a esta enfermidade. En caso de facer un tratamento contra mildeu deberase empregar materias activas de carácter penetrante ou sistémico. Débese ter en conta que no caso de ter a intención de facer un tratamento preventivo contra a botrite, o estado fenolóxico de peche do acio (**L**) é apropiado para facelo.

PATACA en A LIMIA e noutras zonas da provincia de Ourense

A información que se proporciona corresponde á comarca da Limia. No resto da provincia o ciclo do cultivo vai moito máis adiantado, chegando nalgúns zonas á fase de colleita. Non hai incidencias fitosanitarias salientables.

Comarca da Limia

Estado fenolóxico do cultivo

Variable. A fase predominante é a de ENGROSAMENTO DE TUBÉRCULOS.

Incidencia de pragas

Cos tratamentos feitos durante os derradeiros días contra o Escaravello, a praga está controlada polo que se recomenda manter vixiado o cultivo.

Incidencia de enfermidades

Mantéñense os ataques de Mildeu nalgúns parcelas, especialmente nas parcelas mal ventiladas.

Tratamentos recomendados

Manter protexido o cultivo fronte ao Mildeu. Nas parcelas coa vexetación totalmente desenrolada recoméndase un tratamento con materias activas de carácter penetrante. Non espaciar mais de 12 días os tratamentos antimildeu.

Para Pé negro non hai tratamentos efectivos, polo que se recomenda retirar os pes afectados e destruílos para que non quede a batería no chan, dando lugar a novas infeccións.